

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 11 de agosto de 2023

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas e quince minutos do día once de agosto do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día

Da fe do acto Gabriel Rodríguez Alonso, Secretario Acctal., e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada *Marta Fernández-Tapias Núñez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, está presente a deputada *María Isabel Couselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasaola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32890.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 4 de agosto de 2023.

2.32891.- APROBACIÓN E XERACIÓN DE CRÉDITO DO PROXECTO PRESENTADO POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NA CONVOCATORIA DE PROPOSTAS 2023 DO PROGRAMA ERASMUS+. (Expte. 2023003512)

A Deputación de Pontevedra presentou o 21 de febreiro de 2023 o proxecto do consorcio de mobilidade constituído ao abeiro do disposto na resolución presidencial con número RP2023000649 pola que se aprobaban as bases reguladoras e a convocatoria do procedemento de adhesión de centros educativos de FP da provincia de Pontevedra para a formación dun consorcio de mobilidade co obxecto de presentar un proxecto na Convocatoria de Propostas 2023 do programa Erasmus+. O citado proxecto ten as seguintes características:

- Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes recentemente titulados de ciclos medios de Formación Profesional, Formación Profesional Básica e cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.



- Número de participantes: 90 mobilidades de longa duración de estudantes de FP (ErasmusPro), 10 mobilidades de aprendizaxe por observación de docentes e persoal non docente que traballe en educación e formación profesional e 1 visita preparatoria.
- Duración e prazo de desenvolvemento do proxecto: 15 meses (dende o 1 de xuño de 2023 ata o 31 de agosto de 2024). Con todo, ao cabo de 12 meses, todos os beneficiarios de proxectos acreditados terán a posibilidade de ampliar o seu proxecto ata unha duración total de 24 meses, tal e como recolle a Guía do Programa Erasmus. Estímase que as estadias dos estudantes faranse ao longo de catro períodos a concretar.
- Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Romanía ou calquera noutro país do programa Erasmus+.

O 21 de xullo de 2023 a Dirección do *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE) emitiu a resolución definitiva pola que se resolveu publicar os listados de solicitudes seleccionadas, en lista de reserva e rexeitadas da Acción Clave 1 – Mobilidade educativa de persoas (KA121,KA122), correspondente á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ 2023, concedendo á Deputación de Pontevedra unha axuda para a realización do proxecto presentado por importe de 1.182.155,00€.

En consecuencia, resulta preciso a aprobación do proxecto, realizar a xeración orzamentaria polo importe de 1.182.155,00€ efectivamente concedido e que se recolle que se recolle na ficha técnica do convenio de subvención entre a Deputación de Pontevedra e o SEPIE e, por parte do financiamento propio, realizar as correspondentes operacións de modificación de crédito co fin de que a Deputación de Pontevedra se comprometa ao financiamento do importe da anualidade do proxecto conforme ao seguinte detalle:

PROXECTO ERASMUS+ 2023				
(Porcentaxe)	80%	10%	10%	100%
ANUALIDADE	2023	2024	2025	TOTAL
ACHEGA SEPIE	945.724,00€	118.215,50€	118.215,50€	1.182.155,00€
FONDOS PROPIOS DEPUTACIÓN	160.000,00€	20.000,00€	20.000,00€	200.000,00€
TOTAL	1.105.724,00€	138.215,50€	138.215,50€	1.382.155,00€

Visto o informe-proposta do xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data 2 de agosto de 2023.

Visto o informe de Intervención de conformidade á aprobación e aceptación dos compromisos de execución do proxecto “2300005 ERASMUS+ 2023”.



En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto presentado pola Deputación de Pontevedra na Convocatoria de Propostas 2023 do programa Erasmus+ dentro da Acción Clave 1 (KA1) “Mobilidade das persoas por motivo de aprendizaxe”, financiado polo *Servizo Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE) e que posúe as características establecidas no presente informe, xunto coas condicións, prazos de execución e todas as obrigas inherentes ao mesmo de acordo cos criterios esixidos pola convocatoria 2023 do programa Erasmus+.
2. Aprobar de forma taxativa a distribución do gasto cos importes que correspondan a esta Deputación Provincial dentro do total do proxecto, quedando o financiamento propio condicionado á aprobación polo Pleno da correspondente modificación de crédito.
3. Aprobar que a súa xestión se realice a través do módulo “proxecto de gastos” tal e como establece a Base 27ª de execución do orzamento provincial para o exercicio 2023, garantindo a existencia dunha contabilidade separada.
4. Aprobar a xeración de crédito polos importes da subvención, abrindo as aplicacións e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gastos”.
5. Facultar ao presidente como representante legal da Deputación de Pontevedra para formalizar mediante a súa sinatura o devandito convenio entre esta institución e o SEPIE.

3.32892.- ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DO PROGRAMA “DEPO TERMAL” 2023
(Expte.2022063051)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno aprobou, na sesión de data 2 de decembro de 2022, as bases reguladoras do programa “DEPO TERMAL” 2023, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 62, de 29 de marzo de 2023.

Segundo.- O programa ten por finalidade favorecer o envellecemento activo das persoas maiores, fomentar a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia e evitar así o illamento e as situacións de soidade non desexada.

Terceiro.- O Plan “DEPO TERMAL” 2023 pon en marcha dous programas termais cun total de 3.500 prazas:

a) Programa termal de asistencia diaria a balnearios durante cinco mañás ou tardes consecutivas, que contará con 1.000 prazas.

Das prazas totais ofertadas nesta modalidade:

- 878 prazas: a Deputación subvencionará ata un máximo de 128,57 € por praza. A subvención que percibirá cada persoa solicitante calcularase en función da súa renda persoal de forma individual e persoal de acordo cos seguintes tramos:
 - Ata o 100% do SMI (50%) importe subvencionado 128,57 €
 - Entre o 101% e o 150% do SMI (30%) importe subvencionado 77,14 €
 - Entre o 151% e o 200% do SMI (20%) importe subvencionado 51,43 €



As persoas que perciban ingresos superiores ao 201% do SMI aboarán o 100% do prezo de praza. Tomando como referencia a subvención máxima, o importe retido para a posta en marcha do Plan Termal / Diúrno supón un total de 112.884,46 €.

- 122 prazas (2 por concello adherido): a Deputación subvencionará 205,71 € por praza, o que supón un total de 25.096,62 €, para os casos de situación ou risco de exclusión social, escasos recursos económicos e idoneidade do programa para a usuaria ou usuario solicitante.

b) Programa termal con Pernoita en réxime de pensión completa, de domingo a venres, no que se ofertan ata un máximo de 2.500 prazas.

Das prazas ofertadas nesta modalidade:

- 2.378 prazas: as persoas beneficiarias aboarán a cantidade total resultante do prezo de adxudicación.
- 122 prazas (2 por concello adherido): a Deputación subvencionará 389,26 € do custo total do programa, o que supón un total de 47.489,72 €, para os casos de situación ou risco de exclusión social, escasos recursos económicos e idoneidade do programa para a usuaria ou usuario solicitante.

No caso de que non se cubran as prazas para as persoas en situación de vulnerabilidade en cada modalidade do programa, o crédito retido para estas prazas pasará a incorporarse á concesión de prazas ordinarias.

O importe total de ambas modalidades ascende a 185.470,80 € con cargo á aplicación 23/231.2311.227.07

Cuarto.- Rematado o prazo de presentación de emendas e tramitados todos os expedientes, o resultado é o seguinte:

4.1. Asistencia diaria, 671 solicitudes admitidas a trámite, das cales 7 están excluídas.

Das 664 solicitudes admitidas o importe a subvencionar de acordo coas bases reguladoras do programa é o seguinte:

DESGLOSE DE PRAZAS E SUBVENCIÓN	IMPORTE SUBV/PRAZA	SUBTOTALS
PRAZAS NON SUBVENCIONADAS 62 PRAZAS	0,00 €	0,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 69 PRAZAS	51,43 €	3.548,67 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 129 PRAZAS	77,14 €	9.951,06 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 400 PRAZAS	128,57 €	51.428,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 4 PRAZAS SOCIALES	180,00 €	720,00 €
N.º TOTAL DE PRAZAS 664	IMPORTE TOTAL A SUBVENCIONAR:	65.647,73 €



4.2. Pernoita, 1.828 solicitudes admitidas a trámite, das cales 45 están excluídas:
 Das 1.783 solicitudes admitidas o importe a subvencionar de acordo coas bases reguladoras do programa é o seguinte:

DESGLOSE DE PRAZAS E SUBVENCIÓN	IMPORTE SUBV/PRAZA	TOTAIS
PRAZAS NON SUBVENCIONADAS 1.769 PRAZAS	0,00 €	0,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 2 PRAZAS S. SOC	280,00 €	560,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 3 PRAZAS S.SOC	325,00 €	975,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 5 PRAZAS S.SOC	365,00 €	1.825,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 4 PRAZAS S.SOC	370,00 €	1.480,00 €
N.º TOTAL DE PRAZAS 1.783	IMPORTE TOTAL	4.840,00 €

4.3. Non foron admitidas a trámite 11 solicitudes polas seguintes causas:

- Non admitidas a trámite por duplicidade: nove (9) solicitudes.
- Non admitidas a trámite por falecemento da persoas interesada: unha (1) solicitude.
- Non admitidas a trámite por renuncia da persoas interesada: unha (1) solicitude.

O importe total a subvencionar ten en conta o prezo máximo de cada establecemento ofertado, debido a que nas bases reguladoras do programa a subvención de esta Institución é maior, en consecuencia, para ambos programas o importe ascende a un total de 70.487,73 € con cargo a aplicación 23/231.2311.227.07, sendo o importe total retido para este programa de 185.470,80 €.

Quinto.- Con data 2 de agosto de 2023 Intervención emite Dilixencia de fiscalización e conforme do informe-proposta deste Servizo (CSV: 8YQOFHTK92E19XNB), facendo constar “(...) *Sinalar asemade que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, en sesión ordinaria do 31 de marzo de 2023, adxudicou o contrato, por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, para a xestión, desenvolvemento e execución do programa DEPOTERMAL 2023, á empresa VIAJES HALCÓN, SA (CIF: A10005510) (Lote nº1: Programa de asistencia diaria por importe de 137.981,80€ e Lote nº2: Programa con pernoita por importe de 47.489,72€). A empresa oferta en ambos lotes actividades e tratamentos complementarios a maiores dos mínimos esixidos. (...)*”

Lexislación Aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 1971/1999, de 23 de decembro, de Procedemento para o Recoñecemento, Declaración e Cualificación do Grao de Discapacidade.



- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
- Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.
- Bases de execución do Orzamento Provincial vixente.

De acordo co exposto, e tendo en conta a normativa citada, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a adxudicación de prazas no Plan termal “*Depo Termal*” 2023, segundo o seguinte detalle:

- Programa Diúrno:

DESGLOSE DE PRAZAS E SUBVENCIÓN	IMPORTE SUBV/PRAZA	SUBTOTALS
PRAZAS NON SUBVENZIONADAS 62 PRAZAS	0,00 €	0,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 69 PRAZAS	51,43 €	3.548,67 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 129 PRAZAS	77,14 €	9.951,06 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 400 PRAZAS	128,57 €	51.428,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 4 PRAZAS SOCIALES	180,00 €	720,00 €
N.º TOTAL DE PRAZAS 664	IMPORTE TOTAL A SUBVENZIONAR:	65.647,73 €

- Programa Pernoita:

DESGLOSE DE PRAZAS E SUBVENCIÓN	IMPORTE SUBV/PRAZA	SUBTOTALS
PRAZAS NON SUBVENZIONADAS 1.769 PRAZAS	0,00 €	0,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 2 PRAZAS S. SOC	280,00 €	560,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 3 PRAZAS S.SOC	325,00 €	975,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 5 PRAZAS S.SOC	365,00 €	1.825,00 €
FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN 4 PRAZAS S.SOC	370,00 €	1.480,00 €
N.º TOTAL DE PRAZAS 1.783	IMPORTE TOTAL	4.840,00 €

Segundo.- Desestimar as 7 solicitudes do programa Diúrno e as 45 do programa con Pernoita, polas causa especificadas nos listados que constan no expediente:

- Listado Programa Diúrno: Código seguro de verificación (CSV): 2VPVOHS05BMHDGWP.
- Listado programa Pernoita: Código seguro de verificación (CSV): 3LBMB74ZLYOLIKOR.



4.32893.- SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO PARA A “RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR CORRESPONDENTE COS EXPEDIENTES FEDER EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 E FEDER-EELL-2020-004626 DO I.D.A.E. FINANCIADOS NUN 80% POLO FEDER A TRAVÉS DO P.O.C.S. 2014-2020. REFERIDO AO PROXECTO 1.5 RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS INCLUÍDO NO LOTE 1”. (Expte 2022044656)

A Xunta de Goberno, mediante acordo número 8.32050, adoptado na súa sesión ordinaria do día 12 de agosto do 2022, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente cos expedientes FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDER-EELL-2020-004626, financiados nun 80% polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020, que comprende as seguintes actuacións:

Lote	Denominación do lote	Número proxecto IDAE	Proxectos actuacións
1	Iluminación exterior sostible V	FEDER-EELL-2020-004168	Proxecto 1.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Agolada Proxecto 1.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Baiona Proxecto 1.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Barro Proxecto 1.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Bueu Proxecto 1.5 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Caldas de Reis
2	Iluminación exterior sostible VI	FEDER-EELL-2020-004561	Proxecto 2.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Cambados Proxecto 2.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Crecente Proxecto 2.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Forcarei Proxecto 2.4 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de O Grove Proxecto 2.5 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de A Guarda



3	Iluminación exterior sostenible VII	FEDER-EELL-2020-004515	<p>Proxecto 3.1 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Marín</p> <p>Proxecto 3.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Meaño</p> <p>Proxecto 3.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Meis</p> <p>Proxecto 3.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mondariz Balneario</p>
4	Iluminación exterior sostenible VIII	FEDER-EELL-2020-004530	<p>Proxecto 4.1 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mondariz</p> <p>Proxecto 4.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Moraña</p> <p>Proxecto 4.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mos</p> <p>Proxecto 4.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Poio</p> <p>Proxecto 4.5 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Ponte Caldelas</p>
5	Iluminación exterior sostenible IX	FEDER-EELL-2020-004626	<p>Proxecto 5.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Portas</p> <p>Proxecto 5.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Valga</p> <p>Proxecto 5.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilanova de Arousa</p> <p>Proxecto 5.4 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilagarcía de Arousa</p>

O contrato adjudicouse mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 7.32168, adoptado en sesión ordinaria do día 7 de outubro do 2022, correspondendo o Lote 1 (Iluminación exterior sostenible V) á UTE *Sociedade Española de construcións eléctricas, S.A. (Sece)- Elenkon Global, S.L.U.*



Visto que na cláusula 6 do prego económico-administrativo estableceuse un prazo de execución de 4 meses, contados desde a sinatura da acta de comprobación de replanteo, e que no *Proxecto 1.5 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Caldas de Reis* (Lote 1), dita acta asinouuse o día 5 de abril do 2023, fixando o vencemento de dito prazo no día 5 de agosto do 2023.

Visto que, mediante escrito de data 24 de xullo de 2023 (Rexistro entrada WEB2023045378, de 24/07/2023), a UTE2 SECE ELEUKON, CIF: U72709082, solicita a ampliación do prazo de execución do *Proxecto 1.5 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Caldas de Reis* ata o día 5 de setembro de 2023, expoñendo o seguinte:

“(…) Que, como consecuencia de que as localizacións previstas dos novos soportes presentan inconvenientes técnicos por afectación de servizos, e alleos a nosa vontade, obriga a atrasar a execución para decidir, en vía de garantir a seguridade e calidade da obra, pois non estando previsto no proxecto autorizacións previas e coordinación con outros organismos non afección a outros servizos (gas), veñen de ser requiridos tempos de espera de 1 mes para ter permisos de estradas e planos técnicos de servizos afectados necesarios para proceder correctamente.

Que se veñen de producir retrasos de 4 semanas nas datas estipuladas de entrega de materiais por problemas alleos a UTE2 SECE ELEUKON ocasionados polas xornadas de folga convocadas no sector do metal da provincia de Pontevedra.(Anexo 1).”

Visto que, con data 28 de xullo do 2023, o Servizo de Contratación solicita informe sobre dita solicitude de ampliación de prazo ao servizo de Cooperación.

Tendo en conta o informe desfavorable do servizo de Cooperación, de data 1 de agosto do 2023 (CSV: 6SRTA9E73XVFGBTC), que sinala o seguinte:

“Os novos soportes propostos non representan unha variación significativa na execución material e a empresa era coñecedora dende a licitación do proxecto da posible afección a diferentes servizos e dos trámites que implicaría.

Por outra banda, as xornadas de folga afectaron a días puntuais e non xustifica os retrasos de 4 semanas comentados. Asemade, constátase unha inadecuada planificación por parte da empresa que previu a recepción dos materiais nas últimas semanas do prazo de execución de 4 meses e non considerou que puideran xurdir imprevistos.

Así mesmo, a empresa é sabedora de que o presente proxecto opta ao financiamento da convocatoria de subvencións regulada no Real Decreto 316/2019, de 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo



FEDER de crecemento sostible 2014-2020, nesta convocatoria determínase que é obrigatorio, para ser beneficiario da subvención, o cumprimento do prazo límite de finalización das actuacións. Nestas circunstancias, e ante a presentación da solicitude por parte da empresa con tan pouca antelación ao prazo de finalización resulta inviable a correcta realización dos trámites necesarios neste eido.”

Tendo en conta o informe de data 4 de agosto do 2023 (CSV: 8LA7KWA5BI056TLM), emitido conxuntamente polo servizo de Contratación, a Secretaría Xeral e a Intervención da Deputación de Pontevedra, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do/a responsable do contrato, infórmase desfavorablemente a petición. O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 19/08/2023, tendo en conta que a petición de prórroga polo contratista se efectúa no último mes de execución do contrato polo que de conformidade co sinalado no artigo 100.1 do RD 1098/2001 “... a Administración deberá resolver sobre dita petición antes dos 15 días seguintes a terminación do mesmo. Durante este prazo de 15 días non poderá continuar a execución do contrato o cal se considerará extinguido no día en que expiraba o prazo previsto se a Administración denegara a prórroga solicitada ou non resolverá sobre ela.”

Tendo en conta que o réxime xurídico para a ampliación do prazo de execución dos contratos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, recóllese no seu artigo 29.3, e, de ser debida a causas non responsabilidade da contratista, no 195.2. Tamén son de considerar os artigos 96 e 100 do RD 1098/2001 (este último supletoriamente, ante a falta de precepto aplicable a esta Administración) polo que se aproba o regulamento da Lei de contratos do sector público.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Desestimar a solicitude da UTE2 SECE ELEUKON, CIF: U72709082 (Rexistro entrada WEB2023045378, de 24/07/2023), para a ampliación do prazo de execución do *Proxecto 1.5 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Caldas de Reis*, correspondente ao Lote 1 (Iluminación exterior sostible V) do contrato de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente cos expedientes FEDER-EELL-2020-004168, FEDEREELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDEREELL-2020-004626, financiados nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020.



5.32894.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO PARA O INVESTIMENTO INCLUÍDO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS, DENOMINADO “REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS EN XESTAL, ESPEDRIGADA, FILLABOA, MUÍÑOS DA PONTE, SERRADELA, MEDÓNS E SAMPRÍNS” (Expte. 2023034917)

ANTECEDENTES

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 3 de marzo de 2023, adoptou o acordo número 13.32349 polo que se aprobaban as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, , publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023.
- Este Plan para reparación dos danos causados polas inundacións, está dotado de dous millóns setecentos vinte e mil dezaseis (2.720.016,00€), imputable ás aplicacións orzamentarias 2023/942.9428.462.97 para gastos correntes, e 2023/942.9428.762.97 para gastos de investimentos reais.
- Os beneficiarios destas axudas son os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito inferior a 20.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo, nos que se recollen máis de 50 litros por metro cadrado de precipitación durante a xornada do 1 de xaneiro de 2023 (datos obtidos de Meteogalicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023004393 de data 02/06/2023 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello de acordo coa Base reguladora 6ª das axudas económicas para realizar reparacións de danos causados polas inundacións.
- O Plan de reparación dos danos causados polas inundacións pretende facer fronte, precisamente ás necesidades que experimentan os concellos, que tendo en conta o extraordinario da situación e da insuficiencia orzamentaria faise necesario artellar mecanismos de colaboración e cooperación entre administracións co obxectivo de contribuír á restauración comunitaria, urbanística e medioambiental da zona damnificada e que con iso se recupere a normalidade na prestación dos servizos á cidadanía e se axude a manter a actividade económica das zonas danadas.
- En data 08/05/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023030684), ao abeiro do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións, petición do Concello de Salvaterra de Miño, emendada nas datas 10/05/2022 e 15/06/2023 (núm. rexistro WEB2023031324 e WEB2023038269 respectivamente), na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 139.488,00 €, con destino ao



financiamento do investimento denominado “REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIONES EN XESTAL, ESPEDRIGADA, FILLABOA, MUÍÑOS DA PONTE, SERRADELA, MEDÓNS E SAMPRÍNS”, cun orzamento polo mesmo importe.

- Revisada a documentación, a solicitude e xustificación remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións e achega a documentación requirida, se ben se constata que se fai precisa a autorización sectorial da “Confederación Hidrográfica do Miño-Sil” para as obras nº 4, 5 e 6 (Camiño Muíño da Ponte, Camiño da Serradela e Camiño de Medóns), e que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención.
- As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación de data 26/05/2023.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I – NORMATIVA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXS).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións.

II - CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións, relativa ao procedemento de concesión, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a instrución do procedemento de concesión. Asemade, establécese que o órgano instructor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesarios, e que se fará un informe proposta para a aprobación da concesión da axuda.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 10.9 da OXS, que sinala que se achegará a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos tras a concesión no prazo que fixen as bases reguladoras, ou na súa falta, no de quince días seguintes á notificación ou, no seu caso, publicación da resolución.
- Artigos 17 e ss. da OXS, que regulan o procedemento de concesión.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LBRL e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a concesión desta subvención.

CONCLUSIÓNS

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do ROFRXEL e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación, de data 26/05/2023, e da xefa do Servizo de Cooperación de data 02/08/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 03/08/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Salvaterra de Miño*, CIF P3605000C, a cantidade de 139.488,00 € con destino ao financiamento do investimento “*Reparacións de danos causados polas inundacións en Xestal, Espedrigada, Fillaboa, Muíños da Ponte, Serradela, Medóns e Sampríns*”, cun orzamento polo mesmo importe.



Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á obtención da autorización sectorial da “Confederación Hidrográfica do Miño-Sil” para as obras nº 4, 5 e 6 (Camiño Muíño da Ponte, Camiño da Serradela e Camiño de Medóns), sendo imprescindible que se remita á Deputación xunto coa xustificación da axuda económica.

A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de reparación de danos causados polas inundacións e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto contra a aplicación 2023/942.9428.762.97 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Salvaterra de Miño*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

6.32895.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2023 (Expte. 2023001191)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria do día 3 de febreiro de 2023, aprobou as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2023.

Resultando que as bases reguladoras destas subvencións e o Extracto das bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 29 de data 10 de febreiro de 2023, os concellos interesados nestas subvencións dispuxeron de un prazo para presentación de solicitudes ata o día 10 de marzo de 2023.

Resultando que unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e feitos os requirimentos de documentación e as valoracións das solicitudes, a xefa do Servizo de Igualdade emite Informe-proposta, que se remite a Intervención, na que especifica que as solicitudes de 49 concellos compren os requisitos establecidos na base terceira das bases da presente convocatoria.

Resultando que con data 17 de xullo de 2023 dende Intervención emiten informe favorable sobre a tramitación do expediente de concesión das 49 solicitudes admitidas á convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2023, e deixa constancia da existencia de crédito autorizado para facer fronte a este gasto (A nº 202300023979) por importe de 260.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 23/250.2315.462.01.



Resultando que o día 7 de agosto de 2023 reúnese a comisión de valoración para estudar os expedientes dos concellos presentados á convocatoria, admitíndose o total de 49 solicitudes.

Considerando que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na base décimo quinta da convocatoria destas subvencións, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- A concesión de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2023, a favor dos 49 concellos que a continuación se relacionan, por importe global de 260.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 23/250.2315.462.01, do vixente orzamento provincial, de acordo co seguinte detalle:

	Cód. expediente	NIF/CIF	Terceiro Estendido	Obxecto subvención	Importe asignado
1	2023012306	P3600900I	Concello de A Cañiza	Proxecto violetas 23	5.586,09 €
2	2023017257	P3602300J	Concello de A Guarda	Proxecto igualando 2023	5.700,00 €
3	2023018312	P8600004I	Concello de A Illa de Arousa	Fomento igualdade de oportunidades e prevención da vdx ano 2023 - plan igualdade	4.927,77 €
4	2023016186	P3602500E	Concello de A Lama	Programa actividades fomento da igualdade de oportunidades e prevención da violencia 2023	4.680,00 €
5	2023016689	P3602000F	Concello de Agolada	Desenvolvemento e visibilización das medidas propostas no i plan de igualdade - 3ª edición	3.721,00 €
6	2023017082	P3600100F	Concello de Arbo	II carreira pola igualdade	5.206,70 €
7	2023016150	P3603400G	Concello de As Neves	Realización do III plan municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	4.741,82 €
8	2023016191	P3600300B	Concello de Baiona	Formando por e para a igualdade	5.990,00 €
9	2023017084	P3600200D	Concello de Barro	Espazos de lecer 2023 - concilia	4.648,84 €
10	2023018320	P3600500G	Concello de Caldas de Reis	Proxecto "Caldas: +igualdade - violencia 2023"	6.000,00 €
11	2023016194	P3600600E	Concello de Cambados	Programa de fomento da igualdade e contra a Vdx 2023	5.857,54 €



12	2023016686	P3600700C	Concello de Campo Lameiro	Concilia+ Campo Lameiro 2023 "Heroes e heroínas para a ciencia"	4.462,89 €
13	2023018315	P3601000G	Concello de Catoira	Programa de sensibilización e prevención da vdx no Concello de Catoira	4.927,77 €
14	2023017078	P3600048G	Concello de Cerdedo-Cotobade	II Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	4.276,94 €
15	2023018328	P3601300A	Concello de Covelo	Desenvolvemento e visibilización de medidas propostas polo III Plan municipal de covelo	5.299,68 €
16	2023018331	P3601400I	Concello de Crecente	Educando as emocións	4.000,00 €
17	2023017086	P3601500F	Concello de Cuntis	Campañas de sensibilización e concienciación	5.950,52 €
18	2023018330	P3601600D	Concello de Dozón	Plan de igualdade para o Concello de Dozón	4.235,00 €
19	2023018329	P3601800J	Concello de Forcarei	Proxecto de mellora das habilidades dixitais das mulleres de Forcarei	4.462,89 €
20	2023016153	P3602100D	Concello de Gondomar	Elaboración e difusión do 5º plan municipal de igualdade de oportunidades de mulleres e homes	6.000,00 €
21	2023017087	P3602700A	Concello de Meaño	Educando para a igualdade	2.940,00 €
22	2023017083	P3602800I	Concello de Meis	Ludoteca de verán "Ludomeis 2023"	6.000,00 €
23	2023016167	P3602900G	Concello de Moaña	Educar en igualdade 2023: escola de familias e sentir e pensar	6.000,00 €
24	2023017311	P3603000E	Concello de Mondariz	Sementando igualdade 2023	5.950,52 €
25	2023018310	P3603100C	Concello de Mondariz Balneario	Proxecto de avaliación do I plan de igualdade e elaboración do II Plan de igualdade	5.857,54 €
26	2023016684	P3603200A	Concello de Moraña	Programa de sensibilización e prevención social: reportaxes para a igualdade en Moraña	5.354,00 €
27	2023016680	P3603300I	Concello de Mos	Teatro en igualdade	6.000,00 €
28	2023016688	P3603500D	Concello de Nigrán	Obradoiros de educación audiovisual para a prevención da Vdx	6.000,00 €
29	2023016681	P3602200B	Concello de O Grove	Mulleres en acción: itinerario formativo para o apoderamento laboral dirixido a mulleres	6.000,00 €
30	2023016290	P3604800G	Concello de O Rosal	Mulleres que inspiran	5.846,00 €



31	2023018327	P3603600B	Concello de Oia	Descubriendo a oia das mulleres con Cristina de Pizán	1.292,00 €
32	2023016687	P3603700J	Concello de Pazos de Borbén	Proxecto educando emocións	5.960,00 €
33	2023016139	P3604100B	Concello de Poio	Edición libro, mulleres de Poio 2023	6.000,00 €
34	2023016138	P3604300H	Concello de Ponte-Caldelas	Programa capacitadas, 4ª edición	6.000,00 €
35	2023016287	P3604400F	Concello de Pontecesures	Actividades de fomento da igualdade e prevención da Vdx 2023	5.392,66 €
36	2023016683	P3604000D	Concello de Portas	Camiñando xunt@s	5.206,70 €
37	2023018326	P3604600A	Concello de Ribadumia	Servizo de conciliación escola de ocio verán 2023 Concello de Ribadumia	6.000,00 €
38	2023018313	P3604700I	Concello de Rodeiro	Equal-Camba 2023	5.950,53 €
39	2023017088	P3604900E	Concello de Salceda de Caselas	Programa Olimpia	5.113,73 €
40	2023018322	P3605000C	Concello de Salvaterra de Miño	Campamento de conciliación de verán	3.812,05 €
41	2023016158	P3605100A	Concello de Sanxenxo	Proxecto relacións afectivo sexuais saudables para a prevención das violencias machistas	6.000,00 €
42	2023017085	P3605200I	Concello de Silleda	Programa máis violeta	6.000,00 €
43	2023013247	P3605300G	Concello de Soutomaior	Proxecto enredadas	6.000,00 €
44	2023018323	P3605400E	Concello de Tomiño	Programa acción cultural e educativa para sensibil. En igualdade e prevención da Vdx	6.000,00 €
45	2023017321	P3605500B	Concello de Tui	Elaboración e implantación do i plan de igualdade na empresa e auditoría retributiva	5.857,54 €
46	2023016289	P3605600J	Concello de Valga	V Plan de igualdade de oportunidades do Concello de Valga	5.485,64 €
47	2023017089	P3605800F	Concello de Vilaboa	Maiores pola igualdade	5.485,64 €
48	2023016163	P3606100J	Concello de Vilanova de Arousa	Programa de sensibilización en igualdade e contra a Vdx en Vilanova de Arousa	5.850,00 €
49	2023016690	P3605900D	Concello Vila de Cruces	Educando en igualdade	5.970,00 €



7.32896.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2023 (Expte. 2023001196)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria do día 3 de febreiro de 2023, aprobou as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2023.

Resultando que as bases reguladoras destas subvencións foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 29, de 10 de febreiro de 2023, e as entidades interesadas nestas subvencións dispuxeron de un prazo para presentación de solicitudes ata o día 10 de marzo de 2023.

Resultando que unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e feitos os requirimentos de documentación e as valoracións das solicitudes, a xefa do Servizo de Igualdade emite Informe-proposta que se remítese xunto cos expedientes a Intervención, na que especifica que se presentan a convocatoria un total de 33 solicitudes, das que 30 solicitudes foron presentadas por entidades que cumpren con cada un dos requisitos establecidos na base cuarta da convocatoria e 3 entidades incumpren os requisitos establecidos nas bases reguladoras da presente convocatoria. Unha das solicitudes presentadas correctamente non acadou a puntuación superior a 40 puntos, polo que queda excluída da convocatoria.

Resultando que con data 2 de agosto de 2023, Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente de concesión das 29 solicitudes admitidas á convocatoria de subvencións ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2023, e deixa constancia da existencia de crédito dispoñible para facer fronte a este gasto por importe de 150.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 23/250.2315.480.01.

Resultando que o día 7 de agosto réunese a comisión de valoración para estudar os 33 expedientes presentados á convocatoria, admitíndose un total de 29 solicitudes e, catro das solicitudes desestímense por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

Considerando que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na base décima quinta da convocatoria destas subvencións, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- A concesión de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2023, a favor das 29 entidades que a continuación se relacionan, por importe global de 150.000 euros con cargo a aplicación orzamentaria 23/250.2315.480.01, do vixente orzamento provincial, de acordo co seguinte detalle:

	Concello	Cód. expediente	NIF/CIF	Terceiro estendido	Obxecto subvención	Importe asignado
1	Cangas	2023016288	G36100071	Asociación de Pais e Nais de Persoas con Discapacidade Psíquica - ASPAMSIM	A igualdade e o feminismo a través da lectura	4.500,00 €
2	Cangas	2023026115	G94017704	Asociación O Son do Pobo	Apoio, asesoramento, formación e integración laboral de mulleres en risco de exclusión social	3.789,15 €
3	Cangas	2023018296	G36380301	Asociación Diagnosticados de Cancro de Mama	Prevenção e loita contra o linfedema 2023	6.000,00 €
4	Cangas	2023026118	G36204931	Asociación de Caridade Santiago Apóstol	Saboreando a igualdade	3.879,37 €
5	Crecente	2023017079	R3600113I	Colegio Ntra Sra. de Fátima en Crecente Esclavas de la Virgen Dolorosa	Mulleres tiñamos que ser	5.000,00 €
6	Estrada, A	2023018302	G27023951	Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas	A fala da terra. labregas	6.000,00 €
7	Lalín	2023018304	G70370119	Asociación Puntodelas-Secretaria Das Mulleres	Labregas enredadas	5.683,72 €
8	Marín	2023013159	G94088549	Asociación pola Igualdade e a Coeducación	Programa APICO 2023 - Plan de loita, información e apoio integral para as vítimas de violencia de xénero	4.800,00 €
9	Mos	2023018324	R3600131A	Casa Santa Maria de la Esperanza Esclavas Virgen Dolorosa	Mulleres que brillan	4.500,00 €



10	Mos	2023016682	G32115941	Confederación Galega de Persoas con Discapacidade	Activando o rural - O empoderamento das mulleres con discapacidade	5.999,31 €
11	Ponteareas	2023026055	G36341113	Asociación de Maiores de Ponteareas	Mulleres en acción	3.517,50 €
12	Pontevedra	2023012135	G28197564	Asociación Española contra el Cáncer	Proxecto Moito por gañar	5.864,15 €
13	Pontevedra	2023017080	R1500053B	Cáritas Diocesana de Santiago	Axudas a mulleres soas en exclusión social e con cargas familiares	5.413,07 €
14	Pontevedra	2023018298	G36164887	Down Pontevedra Xuntos Asociación Síndrome de Down	A igualdade das mulleres desde o plano sexual e afectivo. emocionate	6.000,00 €
15	Pontevedra	2023026051	G36020691	Asociación Provincial Amas de Casa y Consumidores Rias Baixas	Escola de empoderamento da muller	4.240,24 €
16	Silleda	2023016140	G36527745	Asociación para o Desenvolvemento Social da Comarca do Deza	Sementando igualdade	6.000,00 €
17	Vigo	2023018288	G24452435	Fundación Juan Soñador	Itinerarios e espazo de encontro entre mulleres	6.000,00 €
18	Vigo	2023016147	G27727593	Asociación Acción Solidaria Galicia (ASDEGAL)	Mulleres con moito que dicir 2023	4.000,00 €
19	Vigo	2023016178	G36697324	Down Vigo - Asociación para el Síndrome de Down	Muller educación para a saúde	6.000,00 €
20	Vigo	2023016679	G36797579	Fundación Cume para el Desarrollo de Culturas y Pueblos	CUME- Atención integral a mulleres vítimas de violencia de xénero	6.000,00 €
21	Vigo	2023016136	G36861078	Fundación Érguete-Integración	Proxecto DANA	3.331,00 €
22	Vigo	2023018318	G36624120	Asociación APAMP	Ao teu carón	6.000,00 €
23	Vigo	2023018321	G36776920	Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer y otras Demencias de Galicia	O teu carón - Acompañamento interdisciplinario a mulleres coidadoras	5.851,89 €



24	Vigo	2023026036	G27712306	Asociación de Mulleres en Igualdade de Vigo	Máis ciencia en feminino	5.950,00 €
25	Vigo	2023026039	G70223417	Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia	Mochilas lilas: programa para a prevención da violencia de xénero	5.465,60 €
26	Vigo	2023026045	G15068091	Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia	Abrindo portas ás mulleres xordas de Pontevedra 2023	4.750,00 €
27	Vigo	2023026046	G27753367	Fundación Formavigo	Rompendo barreiras: a igualdade de trato e oportunidades no sector industrial	3.465,00 €
28	Vigo	2023026043	G81454969	Fundación Amigó	Acompañando	6.000,00 €
29	Vilagarcía de Arousa	2023026048	G15859911	Fundación Amigos de Galicia	Programa de recursos integrais para mulleres de especial vulnerabilidade	6.000,00 €

2.- Desestimar as solicitudes das seguintes entidades por non cumprir os requisitos recollidos nas bases reguladoras da convocatoria:

- Asociación Woman Defense Solidaria (CIF:G10547644)
- Asociación a favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (ASPANAEX) (CIF:G36605905)
- Asociación TRANS MIÑO(CIF: G94196516)
- Asoc. para el Desarrollo Educativo y Cultural (CIF: G94153053)

8.32897.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte. 2023053242)

Vista a relación de facturas con número 2023053242, que contén 14 facturas e por un importe de 14.349,94€ e con CSV: YBIIHJOU947DAX0, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 07/08/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extrajudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	14.349,94 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	14.349,94 €



9.32898.- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BAIONA PARA O INVESTIMENTO INCLUÍDO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS “RECONSTRUCCIÓN URXENTE MURO EN CAMIÑO O PIÑEIRO E RESTAURACIÓN DE SENDA PEONIL DO RÍO DE BAÍÑA” (Expte.2023033532)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 28 de xullo de 2023, mediante o acordo núm. 3.32841, concedeu ao *Concello de Baiona*, CIF P3600300B, a cantidade de 69.744,00€ con destino ao financiamento do investimento “*Reconstrucción urxente de muro en O Piñeiro e restauración de senda peonil do río Baiña*” no marco da convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24 de decembro de 2022 e o 1 de xaneiro de 2023, publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023 (Expte. 2023033532).

Advertido un erro de feito ao transcribir a proposta de acordo da xefa do Servizo de Cooperación na que se fundamenta o citado acordo, procede a súa rectificación de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Rectificar o acordo da Xunta de Goberno núm. 3.32841, de data 28 de xullo de 2023, no seguinte sentido:

ONDE DI:

“(...) Conceder ao Concello de Baiona, CIF: P3600300B a cantidade de 69.744,00 € con destino ao financiamento do investimento “Reconstrucción urxente muro en O Piñeiro e restauración de senda peonil do río Baiña”, cun orzamento subvencionable de 174.904,2 €, e unha achega municipal de 105.160,2 €.

Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a obtención das autorizacións sectoriais da Dirección Xeral de Patrimonio, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, de Augas de Galicia e da Axencia Galega de Infraestruturas para actuación “Reconstrucción urxente de muro en camiño O Piñeiro”; para a actuación “Restauración de senda peonil do Río de Baiña”, se fan necesarias as autorizacións da Axencia Galega de Infraestruturas e Augas de Galicia, que malia terse pedido, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención. Asemade o concello posterga a remisión da acta de trazado previo e a aprobación do proxecto á obtención das autorizacións. É consecuencia, xunto a presentación da xustificación haberá de achegarse as preceptivas autorizacións e a acta de trazado previo xunto coa aprobación do proxecto.”



DEBE DICIR:

“(…) Conceder ao Concello de Baiona, CIF: P3600300B a cantidade de 69.744,00 € con destino ao financiamento do investimento “Reconstrución urxente muro en O Piñeiro e restauración de senda peonil do río Baiña”, cun orzamento subvencionable de 174.904,23 €, e unha achega municipal de 105.160,23 €.

Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a obtención da autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para actuación “Reconstrución urxente de muro en camiño O Piñeiro”; para a actuación “Restauración de senda peonil do Río de Baiña”, se fan necesarias as autorizacións da Axencia Galega de Infraestruturas e Augas de Galicia, que malia terse pedido, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención. Asemade o concello posterga a remisión da acta de trazado previo e a aprobación do proxecto á obtención das autorizacións. É consecuencia, xunto a presentación da xustificación haberá de achegarse as preceptivas autorizacións e a acta de trazado previo”

O resto do texto do citado acordo mantense invariable.

- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Baiona*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia”

10.32899.- MODIFICACIÓN DE ACORDO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS DE CONCELLOS DA REDE ÁGORA (Exptes.2020053673 – 2021005205)

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión de 6 de agosto de 2021 adxudicoulle, entre outros, aos Concellos de Ponte Caldelas, Soutomaior e Vilaboia subvencións por un importe máximo de 50.000 € a cada un, ao abeiro das Bases reguladoras da convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) número 37, de 24 de febreiro de 2021.

Subvenciónanse a realización das seguintes actuacións:

- “Reordenación funcional da praza Frei Antonio Orge” (Ponte Caldelas)
- “Humanización da praza Cimadevila a rúa Rosalía de Castro, Arcade, Camiño de Santiago Tramo 1” (Soutomaior)
- “Humanización do entorno da Casa do Concello, O Toural” (Vilaboia)

Consideracións:

O arquitecto do Servizo de Infraestruturas e Vías provinciais emitiu informe en data 05/07/2023 co seguinte teor literal:

“Obxecto:

É obxecto deste informe presentar unha relación de proxectos, enmarcados todos eles dentro do eixo 1 (redacción de proxectos) que, unha vez redactados, non se axustan á memoria presentada coa solicitude por diminuír o espazo peonil público gañado pero non obstante cumpren cos requisitos iniciais establecidos na base cuarta da convocatoria (BOPPO 24 de febreiro de 2021).



Alcance:

Os concellos que se atopan nesta situación son os que se relacionan a continuación:

EXPEDIENTE	CONCELLO	TÍTULO DO PROXECTO
2021016187	Ponte Caldelas	REORDENACIÓN FUNCIONAL DA PRAZA FREI ANTONIO ORGE
2021018919	Soutomaíor	HUMANIZACIÓN PLAZA CIMADEVILA-RÚA ROSALÍA DE CASTRO
2021016189	Vilaboa	HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA CASA DO CONCELLO (O TOURAL)

As modificacións nas superficies peonís acadadas co proxecto, respecto das superficies inicialmente declaradas, son as que se detallan a continuación:

CONCELLO	SOLICITUDE			PROXECTO		
	sup. peonil inicial	sup. peonil prevista	incremento	sup. peonil inicial	sup. peonil prevista	incremento
Ponte Caldelas	1129	1803	683	1.058	1.678	620
Soutomaíor	0	3.090	3.090	0	2.520	2.520
Vilaboa	1.672	5.106	3.434	1.672	5.028	3.356

Valoración técnica:

O técnico que asina este informe ten acompañado o proceso de redacción de cada un dos proxectos, coñecendo así de primeira man as diversas casuísticas que motivan o citado incumprimento da base oitava e décimo quinta. Ante o que se sinala o seguinte:

- Todos estes proxectos (os tres reseñados máis arriba) cumpren os requisitos iniciais da convocatoria (base cuarta):

Para optar á subvención o proxecto que se redacte ou a obra que se execute cumprirá os seguintes requisitos:

a) O incremento mínimo do espazo peonil no ámbito de actuación debe ser dun 50% con respecto ao existente na actualidade.

b) Os espazos gañados para as e os peóns terán unha superficie mínima de 300 metros cadrados.

[...] Os proxectos redactaranse cumprindo os principios da Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público así como os criterios establecidos na Guía básica de espazos públicos e mobilidade amable, editada pola Deputación de Pontevedra. Os proxectos cumprirán a normativa vixente e axustaranse a estas bases e aos seus anexos.



Os proxectos finalmente presentados por estes Concellos correspóndense cos bosquexos da memoria explicativa que acompañaba a cada solicitude de subvención. As variacións nas superficies débense a cuestións como:

1. Confusión entre o que é unha área de prioridade peonil (aspecto vinculado á sinalización) e un área peonil (consideración explicada expresamente na base reguladora cuarta).
2. Erros nas medicións achegados polos propios concellos cando presentaron as solicitudes.
3. Variacións debidas a que, cando se redactaron as memorias explicativas, case ningún Concello contaba cun levantamento topográfico, isto xerou tanto excesos como defectos nas superficies peonís finalmente acadadas, e non debería ser causa de perda da subvención (unha das características dos bosquexos que se solicitaron nas bases, é precisamente a menor precisión do debuxo técnico, e polo tanto tamén as súas medicións).

Conclúese que a variación na cifra dos metros cadrados recuperados para as persoas, aínda que alterase a puntuación que estes concellos recibiron no procesos de concorrencia competitiva que levou á concesión destas axudas económicas, esa eventual modificación non alteraría o sentido da resolución das subvencións xa que en todo caso seguiría a ser favorable para estes concellos. Pódese afirmar polo tanto que carece de calquera efecto práctico someter estes proxectos a unha nova avaliación por parte do comité de expertos, posto que todos os proxectos continúan a cumprir os requisitos que debían satisfacer as solicitudes de subvención”.

O artigo 88.6 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas establece que “A aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma”.

Por todo o que antecede, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. A aprobación das variacións na cifra dos metros cadrados recuperados para as persoas segundo os proxectos presentados polos concellos de Ponte Caldelas, Soutomaior e Vilaboia, conforme o informe do arquitecto dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais reproducido anteriormente.

11.32900.- BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS ESCOLAS DE MÚSICA DEPENDENTES DE ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2023. (Expte. 2022076153)

A Deputación de Pontevedra convoca as Axudas a Escolas de Música dependentes de Asociacións sen ánimo de lucro para o ano 2023, e co informe do xefe de Servizo de Cultura así como co informe favorable de Intervención sobre existencia de consignación, por un importe de 90.000,00 €, con cargo á aplicación 23/330.3260.489.09 do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as bases para a concesión de axudas a escolas de música dependentes de asociacións sen ánimo de lucro para o ano 2023 e que figuran co CSV: S9CA9APQHRCCODA1.



12.32901.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

13.32902.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e trinta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario Acctal. que dou fe.

